



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. José M. Da Rocha Álvarez
D. Oscar Rubiños López
D. Julio Taboada Pérez
D^a. Margarita Estévez Toranzo
D^a. M^a Luisa Alonso Escontrela
D^a. M^a del Carmen Cabeza Pereiro
D. Manuel Ángel Candelas Colodrón
D^a. M^a. Victoria Carballo-Calero Ramos
D. Víctor Cardador González
D. Pablo Javier Cebral Loureda
D^a. Patricia Corbacho Suso
D. Xosé Henrique Costas González
D^a. Julia de la Montaña Miguélez
D. Guillermo de Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Manuel Fernández Cruz
D. Manuel Fernández Gesto
D. Rubén Garrido Bernárdez
D. José M^a. Gil Villanueva
D. José Luis Legido Soto
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Luis Ortiz Torres
D. Antonio Pena Giménez
D. Alberto Pena Rodríguez
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)
D. José Pose Blanco
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
D. Patricio Sánchez Bello
D. Xoán Xosé Santamaría Conde (UXT)
D. Rafael Sanz Domínguez
D. Iago Soto Mata
D. José Tojo Suárez
D. Manuel Varela Lafuente
D. Manuel Velasco Graña

DESCULPA A ASISTENCIA

D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Federico Vilas Martín

Acta da sesión ordinaria da Xunta de
Goberno da Universidade de Vigo, de vinte e sete
de xuño de dous mil un, ás 9:30 horas en primeira
convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na
Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de
Telecomunicación

O mércores, **día 27 de xuño de 2001**,
ás 10:00 horas, comezou a sesión ordinaria da
Xunta de Goberno co obxecto de tratar os
seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (21-05-2001, 28-05-2001, 5-06-2001)
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Aprobación, se procede, da Relación de Postos de Traballo do Persoal Laboral de Administración e Servicios 2001: Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions
- 4.- Aprobación, se procede, da conta de liquidación do presuposto e memoria (exercicio 2000).
- 5.- Convocatoria de prazas en centros residenciais da Universidade de Vigo (curso 2001-2002).
- 6.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, transformacións, visitantes, permisos, ano sabático e cambio de área.
- 7.- Delegación na Comisión de Docencia da aprobación das transformacións e permisos.
- 8.- Exención docente dos delegados da Universidade nos centros adscritos.
- 9.- Modificación puntual do plano de estudos de Enxeñería Informática.
- 10.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: *I curso de especialista en problemas actuais del derecho en la empresa e IX curso de especialista de logística.*
- 11.- Integración da Universidade de Vigo no Patronato do Museo do Pobo Galego.
- 12.- Resposta ó recurso interposto por D^a M^a do Carmo Henriques Salido contra o acordo do Consello de Departamento de Filoloxía Española de 7 de marzo de 2001.

- 13.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisi3ns Delegadas de Xunta de Goberno: Comisi3n de Ordenaci3n Acad3mica e Validaci3ns (1 estudante), Comisi3n de Estudiantes (2 estudantes)
- 14.- Elecci3n para cubrir unha vacante na Comisi3n de Reclamaci3ns no sector PDI
- 15.- Rogos e preguntas.

Punto 1. - Aprobaci3n, se procede, das actas das sesi3ns anteriores (21-05-2001, 28-05-2001,5-06-2001)

Apr3banse por asentimento.

Punto 2.- Informe do Rector.

O Rector informa da aprobaci3n da normativa de permanencia no Consello Social e da aprobaci3n no Claustro do proxecto de programaci3n plurianual , que ser3 tratado no pleno do Consello Social do d3a 4 de xullo. Tam3n informa das modificaci3ns realizadas no anteproxecto da Lei Universitaria.

Punto 3.- Aprobaci3n, se procede, da Relaci3n de Postos de Traballo do Persoal Laboral de Administraci3n e Servicios 2001: 3rea de Tecnolox3as da Informaci3n e Comunicaci3ns .

O Xerente presenta a RPT. Destaca como aspectos m3is salientables o incremento notable de efectivos, o paso dunha estrutura de postos singularizados a unha estrutura por 3reas e o cambio de denominaci3n das categor3as. Di que a negociaci3n foi longa e fruct3fera e que como xerente est3 satisfeito do resultado final a pesar das discrepancias.

O Rector espera que a comunidade universitaria se beneficie desta nova RPT que vai redundar nunha mellora do servicio nos tres campus.

O Sr. Velasco di que nos servicios inform3ticos hai problemas arrastrados durante moito tempo e que RPT 3 equilibrada no referente 3 n3mero de postos de cada grupo; valora positivamente a creaci3n dos postos do grupo II.

O Sr. P3rez Betanzos di que hai unha aposta pola mellora dos servicios e pola revalorizaci3n da 3rea e tam3n valora de xeito positivo a creaci3n dos postos do grupo II. Indica que hai un documento de funci3ns.

O profesor Mazaira di que se recolle unha solicitude hist3rica no Campus de Ourense o grupo I.

O profesor Durany di que con esta RPT vai mellorar o servicio en xeral e , en particular, no Campus de Ourense.

A profesora Cabeza desexa que o documento de funci3ns sexa co3ecido polos usuarios.

Som3tese a votaci3n:

A favor 21 votos

En contra 0 votos
 Abstencións 6

Apróbase. (anexo I)

Punto 4.- Aprobación, se procede, da conta de liquidación do presuposto e memoria (exercicio 2000).

O Vicerrector de Planificación fai unha presentación xeral.

O profesor Pose pide ó xerente que explique un resumo da conta.

O Vicerrector de Planificación manifesta a súa protesta pola reiterada ausencia do profesor Pose dos órganos competentes nesta materia (Comisión Económica) e por provocar así duplicidade de debates; indica que o que se somete a aprobación é a aprobación formal das contas do ano 2000.

O Rector di que o documento foi aprobado por unanimidade en Comisión Económica, onde foi analizado polo miúdo. Insiste en que o documento explícase por sí mesmo e que o que se somete á consideración da Xunta de Goberno é a aprobación formal da conta de resultados.

O profesor Pose manifesta o seu desacordo coa intervención do Vicerrector de Planificación e comenta cuestións relativas ós ingresos , ós remanentes de tesourería de libre disposición, ós recursos de investigación aínda sen distribuír e ás cantidades non executadas no capítulo VI.

Os profesores Legido e R. Berrocal critican o atraso no reparto dos fondos da produción científica.

O Vicerrector de Planificación aclara que o que se está a tratar é a conta do ano 2000 e non as cantidades repartidas a xuño de 2001 (que xa non son as mesmas).

Sométese a votación:

A favor 21 votos
 En contra 1 voto
 Abstencións 5

Apróbase.

Punto 5.- Convocatoria de prazas en centros residenciais da Universidade de Vigo (curso 2001-2002).

O Vicerrector e Extensión Universitaria di que o número de prazas en residencias universitarias pasa de 254 no curso 2000-2001 a 570 no curso 2001-2001.

Di que a Residencia ensinada se retira do concerto, fai unha corrección no documento relativa ós prezos na residencia Renfe (páx. 8) e define con precisión o término RPD sobre a renda persoal disponible (páx. 6).

Solicitan aclaracións os profesores Durany , R. Berrocal , Sr. Velasco e a Sra.Corbacho Suso.

Sométese a votación:

A favor 26 votos
 En contra 0 votos
 Abstencións 4

Apróbase (anexo II)

Punto 6.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, transformacións, visitantes, permisos, ano sabático e cambio de área.

- prazas BOE-

Apróbanse por asentimento as seguintes:

C01	413	TIT-EU	PONTEVEDRA	JOSÉ MANUEL PAZOS ROSALES
C02	240	TIT-UN	OURENSE	BENEDICTO SOTO GONZÁLEZ
C04	045	TIT-UN	VIGO	JORGE DOMÍNGUEZ MARTÍN
H04	345	TIT-UN	VIGO	---
H06	814	TIT-UN	VIGO	SUSANA CRUCES COLADO
H06	814	TIT-UN	VIGO	ANA LUNA ALONSO
T07	520	TIT-UN	VIGO	JOAQUÍN LÓPEZ FERNÁNDEZ
T08	385	CAT-EU	VIGO	---
T09	570	TIT-UN	OURENSE	---
X02	165	CAT-UN	OURENSE	---
X03	135	TIT-UN	VIGO	---
X03	145	TIT-UN	VIGO/OURENSE	BEATRÍZ GONZÁLEZ MORENO
X04	215	TIT-UN	OURENSE	---
X04	215	TIT-UN	OURENSE	---
X05	245	TIT-UN	PONTEVEDRA	---
X10	735	TIT-EU	PONTEVEDRA	---
X11	070	CAT-UN	VIGO	---

A praza da área 245 do departamento X05 (Didácticas Especiais) se aproba condicionada á comprobación de se é correcta a proposta que figura de 2º suplente.

- transformacións-

Apróbanse por asentimento as seguintes:

C01	080	MARÍA ELENA PADÍN IRUEGAS	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
C01	410	PABLO FERNÁNDEZ CATALINA	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
C01	630	MARÍA JOSÉ PÉREZ ÁLVAREZ	DE PP2 A TIT-UN interino
C02	240	PURIFICACIÓN MARCET MIRAMONTES	DE PP2 A TIT-UN interino
CO3	566	FRANCISCO GAMBÓM DEZA	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
C05	265	Mª DEL CARMEN VALLEJO PÉREZ	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
H02	583	ANTONIO CHAS AGUIÓN	DE PP2 A TIT-UN
H03	370	XESÚS LANTES VITUREIRA	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
H04	345	TERESA CANEDA CABRERA	DE PP2 A TIT-UN interino

H06	814	SALETA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
T01	305	ANTONIO FERNÁNDEZ ÁLVAREZ	DE PP2 A TIT-UN interino
T03	545	GERARDO PELÁEZ LOURIDO	DE PP1 A PP2
T05	065	CARMEN Mª ABREU FERNÁNDEZ	DE PP2 A TIT-UN interino
T05	065	FERNANDO IGLESIAS RODRÍGUEZ	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
T05	065	FRANCISCO BOUZADA ALVELA	DE TIT-EU interinoTC A TIT-EU interino P6
T05	510	JOSE MANUEL GONZÁLEZ SÁNCHEZ	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
T06	500	MIGUEL ANGEL ZAVALA GIRONES	DE PP1 A PP2
T06	500	ANDRÉS NOVO LOMBAO	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
T06	500	JUAN PICOS MARTÍN	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
T06	500	GUILLERMO BUSTO SALGADO	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
T06	705	JOSÉ CARLOS SOUTO OTERO	DE PP2 A TIT-UN interino
T07	520	JOSÉ ANTONIO POZA GONZÁLEZ	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
T07	520	JUAN MANUEL BEREJA CRUZ	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
T07	520	VICENTE CEBRIÁN RAMOS	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
T08	385	JOSÉ MENIÑO PARDAL	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
T08	385	DOMINGO MONTES PÉREZ	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
T09	570	ARTURO CASAR SARASOLA	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
T09	570	MIGUEL JIMÉNEZ POLO	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
T09	570	ENRIQUE CASTRO RASCADO	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
T09	570	HUGO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
X01	740	MARIA ELENA DE JESÚS RODRÍGUEZ	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
X02	130	NIEVES MORALEJO IMBERNON	DE PP1 A PP2
X02	165	Mª MAR MAROÑO GARGALLO	DE PP2 A TIT-UN interino
X03	125	X03-125-S6-01	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
X03	125	JACINTO LAREO JIMÉNEZ	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
X03	125	MANUEL CRESPO PÉREZ	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
X03	160	LAURA SAN MARTÍN SÁNCHEZ DE MUNIÁIN	DE PP1 A PP2
X05	187	DAVID SINEIRO DE SAA	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
X05	205	MANUEL VIDAL LÓPEZ	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
X05	245	CARLOS LAGO PEÑAS	DE PP1 A TIT-UN interino
X05	245	JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
X06	225	Mª JOSÉ MORAL RINCÓN	DE PP1 A PP2
X06	225	SERGIO GUTIÉRREZ RODRÍGUEZ	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
X06	225	ALFONSO CRISTOBAL MORENO LUGRÍS	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
X08	415	RAQUEL DÍAZ VÁZQUEZ	DE PP1 A PP2
X09	095	MARTA RODRÍGUEZ DE LA FUENTE	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
X09	095	JOSÉ PITA CASTELO	DE PP1 A PP2
X09	650	JOSÉ CARLOS ÁLVAREZ FERNÁNDEZ	DE CAT-UN P3 A CAT-UN P6
X09	650	JAVIER VARELA SOBRADO	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
X09	650	LUIS MANUEL LOZANO LOZANO	DE ASO T3-P6 A ASO T3-P3
X09	650	ANTONIO MORENO MOLINERO	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
X09	650	VICTOR CASAL ANTÓN	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
X10	105	PEDRO PABLO GUTIÉRREZ GONZÁLEZ	DE PP1 A PP2
X10	105	MONTSERRAT VÁZQUEZ GESTAL	DE PP1 A PP2
X11	070	Mª DEL MAR DE SANTIAGO PÉREZ	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
X11	775	MIGUEL ÁNGEL MARTÍNEZ LÓPEZ	DE ASO T3-P3 A ASO T3-P6
X11	775	ÁGUEDA GÓMEZ SUÁREZ	DE PP1 A PP2

- visitantes-

- Don Borja Novoa Castro, coa categoría de TIT-EU, desde 1 de outubro 2001 a 30 setembro 2002, no Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde.
- Don Gerardo Rey Eiriz, coa categoría de TIT-EU, desde 1 de outubro 2001 a 30 setembro 2002, no Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde.
- Dona Emilia Diaz Losada, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro 2001 a 30-setembro 2002, no Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo.
- Don Manuel Arias Estévez, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro-2001 a 30-setembro 2002, no Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo.
- Don Jose Eugenio López Periago, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro-2001 a 30-setembro-2002, no Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo.
- Don Nelsón Pérez Guerra, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro 2001 a 30 setembro 2002, no Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- Don Jesús Fernández Martín, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro 2001 a 30 setembro 2002, no Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- Don Saturnino Muñoz Martínez, coa categoría de PP1, desde 1 de outubro 2001 a 30 setembro 2002, no Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- Dona M^a de la Concepción Pérez Lamela, coa categoría de TIT-UN (4horas), desde 1 outubro 2001 a 30 de setembro 2002, no Departamento de Química Analítica e Alimentaria.
- Dona Mercedes Sonia García Falcón, coa categoría de TIT-UN (4 horas), desde 1 de outubro 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Química Analítica e Alimentaria.
- Don José Manuel Leao Martíns, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro 2002, no Departamento de Química Analítica e Alimentaria.
- Don José Bienvenido Díez Ferrer, coa categoría de TIT-UN , desde 1 de outubro 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.
- Don Iván León Luna, coa categoría de ASO T3-P3, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.
- Don Javier Alcántara Carrió, coa categoría de TIT-UN , desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002 no Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.
- Don Xosé Manuel Pérez Sardiña coa categoría de ASO T3-P6, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Filoloxía Galega e Latina.
- Don Carlos Casqueiro Placer coa categoría de PP1, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro 2002, no Departamento de Enxeñería Mecánica, Máquinas y Motores Térmicos y Fluídos.
- Dona Sidonia Martínez Suárez, coa categoría de TIT-EU, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Enxeñería Química.
- Dona Inmaculada Franco Matilla, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro de 2001 a 28 de febrero de 2002, no Departamento de Enxeñería Química.
- Don Bernardo Prieto Gutiérrez, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro de 2001 a 28 de febrero de 2002, no Departamento de Enxeñería Química.
- Dona Natalia Caparrini Marin, coa categoría de TIT-EU, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais y Medio Ambiente.
- Don J. María Gras Lope, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de novembro de 2001 a 6 de novembro de 2001, no Departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais e do Medio Ambiente.
- Don Benigno Fernández Filgueira, coa categoría de de TIT-EU, desde 1 de novembro de 2001 a 6 de novembro de 2001, Departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais e do Medio Ambiente.
- Don Pedro Ribera Rodríguez, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Física Aplicada.
- Don Carlos Souto Torres, coa categoría de TIT-UN , desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de

2002, no Departamento de Física Aplicada.

- Dona Silvia Torres López, coa categoría de TIT-EU, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Física Aplicada.

- Don David Olivieri, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Informática.

- Don Marko Virtanen, coa categoría de PP1, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Informática.

- Don Arno Formella, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Informática.

- Don Carlos Hernán Fajardo Toro, coa categoría de ASO T3-P6, desde 1 de outubro 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Informática.

- Don M^a Dolores Valdés Peña, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Tecnoloxía Electrónica.

- Don Juan Antonio Hernández Corchete, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Dereito Público.

- Dona Mónica Siota Álvarez, coa categoría de TIT-EU, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Dereito Público.

- Dona Arantza Murillas Maza, coa categoría de TIT-UN, desde 1 de outubro 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Economía Aplicada.

- Dona María José Vázquez Rodríguez, coa categoría de PP1 desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Economía Aplicada.

- Dona María José Caride Estévez, coa categoría de PP1, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Economía Aplicada.

- Don Juan Pintos Clapés, coa categoría de PP1 ,desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Economía Aplicada.

- Don Antonio Molina Abrales, coa categoría de PP1, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Economía Aplicada.

- Don Francisco Xavier Lores Ínsua, coa categoría de PP1, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro 2002, no Departamento de Fundamentos Da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas.

- Don Pablo De Carlos Villamarín, coa categoría de PP1 , desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro 2002, ,Departamento de Fundamentos Da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas.

- Dona María Elisa Alén González, coa categoría de TIT-EU P6, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro 2002, no Departamento de Organización de Empresas e Marketing.

- Don Pablo Cabanelas Lorenzo, coa categoría de TIT-EU, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Organización de Empresas e Marketing.

- Don María Montserrat Lorenzo Díaz, coa categoría de PP1, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro 2002, no Departamento de Organización de Empresas e Marketing.

- Don Raquel Arévalo Tomé, coa categoría de TIT-EU, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Organización de Empresas e Marketing.

- Don Gema Álvarez Llorente, coa categoría de PP1, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Organización de Empresas e Marketing.

- Dona Beatriz González Vázquez, coa categoría de PP1, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamento de Organización de Empresas e Marketing.

- Don Joaquín Dosil Díaz, coa categoría de TIT-EU, desde 1 de outubro de 2001 a 30 de setembro de 2002, no Departamentode Psicología Evolutiva e Comunicación.

Apróbanse por asentimento.

- permisos-

M^a Anunciación Lafuente Giménez

de 01-07-2001 a 30-09-2001

M^a José Moral Rincón

de 01-09-2001 a 15-02-2002

Apróbanse por asentimento.

- ano sabático-

Retírase este punto ata que haxa unha proposta concreta a custe cero.

- cambio de área-

Propónse que o profesor Arturo Maneiro Vila pase da área 675 (xornalismo) á área 105 (Comunicación Audiovisual). Así, seguiría impartindo a mesma materia que no curso anterior. As áreas implicadas están no mesmo Departamento e manifestaron o seu acordo.

O profesor R. Berrocal precisa que está de acordo coa proposta neste caso concreto pero que en liñas xerais se debe coidar este tipo de cousas.

Apróbase por asentimento.

O profesor Santamaría opina que non é un novo tramite e que pode sentar precedentes.

Punto 7.- Delegación na Comisión de Docencia da aprobación das transformacións e permisos.

Apróbase por asentimento a delegación, de xeito que se dea conta dos acordos á Xunta de Goberno.

Punto 8.- Exención docente dos delegados da Universidade nos centros adscritos.

O Vicerrector de Organización Académica fai a seguinte proposta:

En tanto non se proceda a renovación do Convenio de Colaboración entre a Universidade de Vigo e os Centros Adscritos, ós Delegados e Delegadas da Universidade nos Centros Adscritos seralles de aplicación unha exención docente dunha hora (tres créditos) de docencia e unha hora de titoría, agás nos seguintes casos:

- 1.- Que reciban compensación económica do Centro Adscrito correspondente.
- 2.- Que desempeñen algún cargo unipersoal na Universidade.
- 3.- Que non teñan a súa capacidade docente completa.

Apróbase por asentimento.

Punto 9.- Modificación puntual do plano de estudos de Enxeñería Informática.

O Vicerrector de Organización Académica explica que a Xunta de Centro da Escola Superior de Enxeñería Informática propón a división da materia troncal " Sistemas de Informáticos " de 15 créditos en dúas de 9 e 6 créditos respectivamente.

Apróbase por asentimento (anexo III)

Punto 10.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: *I curso de especialista en problemas actuales del derecho en la empresa* e *IX curso de especialista de logística*.

O Vicerrector de Organización Académica di que o curso de especialista en Dereito da Empresa está pendente de aprobación de taxas polo Consello Social (farase antes do Claustro).

O profesor Santamaría reitera criterios xa manifestados en sesións anteriores. Di que deben explicitarse os últimos detalles dos gastos.

I curso de especialista en problemas actuales del derecho en la empresa:

A favor	18 votos
En contra	2 votos
Abstencións	3

Apróbase.

IX curso de especialista de logística:

A favor	15 votos
En contra	3 votos
Abstencións	4

Apróbase.

Punto 11.- Integración da Universidade de Vigo no Patronato do Museo do Pobo Galego.

Apróbase por asentimento que a Universidade de Vigo pase a formar parte do Patronato do Museo do Pobo Galego, coa aportación dunha cota anual.

Punto 12.- Resposta ó recurso interposto por D^a M^a do Carmo Henríquez Salido contra o acordo do Consello de Departamento de Filoloxía Española de 7 de marzo de 2001.

A Secretaria Xeral informa de que a profesora Henríquez Salido presentou unha solicitude de nulidade contra o acordo do Departamento de Filoloxía Española no que se propuxo á Xunta de Goberno a tramitación do nomeamento como profesor emérito de D. José Antonio Fernández Romero. A solicitude basease no feito de que o punto de referencia no figuraba na orde do día da correspondente sesión do Consello de Departamento. Explica a proposta da asesoría xurídica que aparece na documentación e que conclue coa desestimación da solicitude.

A profesora Cabeza manifesta que, pola información de que dispón, en sesión anteriores dese Consello de Departamento fora solicitada en rogos e preguntas a inclusión dese punto e que finalmente o punto foi solicitado por escrito co número de sinaturas suficiente.

O profesor Candelas pide que conste na acta o seguinte:

Lamento que mi amistad y mi admiración por D. José Antonio Fernández Romero deje entrever en mis palabras sólo una efusión emotiva y no un reconocimiento objetivo de sus méritos. Pero creo no faltar a la verdad si afirmo que Don José Antonio es toda una institución en la FFT, una persona querida, estimada y, sobre todo, muy valorada por compañeros, personal de administración y servicios y, por supuesto, por todos los alumnos que han tenido la fortuna de atender sus lecciones.

Para todos (quiero creer que incluso para los que han obstaculizado el proceso) su nombramiento como profesor emérito de la Universidad de Vigo era obligado premio para quien representa como nadie la historia de nuestra Facultad.

Con todo esto como preámbulo, la presentación de un recurso contra su nombramiento constituye, sin duda, un agravio y una ofensa (y una infamia) que, desde luego, como ocurre en estos casos siempre descalifica a quien lo presenta. Yo, como acto de desagravio, opongo a la prosa de leguleyos un poema de Hannes Pétursson, traducido por ese caballero que es Don José Antonio Fernández Romero:

A profesora Henríquez, secretaria do departamento nesa época, intervén para manifestar o seu respecto ós órganos colexiados, pedir o cumprimento estrito da lei e solicitar que queda claro que non vai en contra da cualificación profesional do profesor Fernández Romero.

O profesor Santamaría indica que o tema podería volver ó Consello de Departamento para a súa validación. Precisa tamén aspectos formais que deben corrixiarse no escrito que se presenta.

O Rector opina que habería que buscar unha fórmula que evite volver a tratar ese tema en Consello de Departamento.

O Vicerrector de Profesorado defende a proposta da Asesoría Xurídica.

O profesor Santamaría di que se trata de buscar unha solución conciliadora. Engade que na redacción se podería buscar unha fórmula de avocación para que o tema quede resolto nesta Xunta de Goberno.

Acórdase por asentimento aprobar (unha vez corrixiados os aspectos formais) a proposta da Asesoría Xurídica e desestimar a solicitude de nulidade formulada pola profesora Henríquez Salido.

Punto 13.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno: Comisión de Ordenación Académica e Validacións (1 estudante), Comisión de Estudiantes (2 estudantes)

Non foron presentadas candidaturas. Durante a sesión anunciaron a intención de presentar a súa candidatura as seguintes persoas:

Comisión de Organización Académica e Validación: D. Rubén Garrido Bernárdez

Comisión de Estudiantes: D. Iago Soto Mata e D. Manuel Fernández Gesto

Danse por presentadas estas candidaturas para a seguinte Xunta de Goberno.

Punto 14.- Elección para cubrir unha vacante na Comisión de Reclamacións no sector PDI

Non houbo candidaturas.

Punto 15.- Rogos e preguntas

O profesor Costas pregunta se hai (e cales son os contidos) un convenio co Centro Ramón Piñeiro. Pregunta pola tramitación da creación do Instituto Interuniversitario da Lingua Galega.

O profesor Legido roga que se asignen os fondos pendentes ós departamentos.

O profesor Pose roga que se coordine en Lagoas-Marcosende o movemento de terras e a destrución de masa arbolada e que se informe do que se está a facer.

O profesor Tojo roga que se recupere a zona, actualmente ocupada co apartamento piloto.

O profesor Santamaría roga que se informe á Xunta de PDI sobre os quinquenios (en particular

sobre os denegados) e que se retome a normativa relativa o status dos representates sindicais.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 horas do día 27 de xuño de 2001 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo